

## CORAZÓN ESCURO

Na súa primeira edición, o Premio de Poesía Letras de Cal destacou a obra de Xosé de Cea *Presencia da fenda* que devén nunha singradura polo lado máis perigoso do mar. Esta viaxe organízase en tres partes que resultan unha aproximación progresiva á fenda desde olladas distintas: na primeira, “A fenda” descríbese desde fóra creando un clima de fondo desacougo; na segunda “Na fenda” acentúase o perigo pois o ser está xa inmerso no insondable buraco do caos, de aí que o verso se encha de referencias surreais para reflectir esa vivencia extrema; e, finalmente, “Tras da fenda” constata o triunfo sobre a crise cando se quere “*que o pulo/ do corazón/ esculpa a vida/ sen xugos nin louvanzas*”.

*Tempos Novos*, 56, xaneiro 2002, p. 67